



GRUPO MUNICIPAL

LUÍS REI NÚÑEZ, Portavoz do Grupo Municipal MAREA PONTEVEDRA, presenta diante do Rexistro do Pleno, ao abeiro dos artigos 49, 2) e 67, J) do Regulamento do Pleno e das súas Comisións, as seguintes PREGUNTAS dirixidas á concelleira responsable de Urbanismo, ante **o estado de abandono e ameaza de ruína dos dous principais edificios da rúa César Boente**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Marea Pontevedra faise eco de novas protestas veciñais sobre o insoportable estado de abandono da rúa César Boente, que ofrece desde hai cinco anos un aspecto penoso, marcado por valados, malos cheiros e, nomeadamente, a ruína inminente con que ameazan os seus dous mais sinalados edificios monumentais.

Dado o acreditado deterioro que presenta o Pazo de Mariño de Lobeira, temos a preocupación, compartida coa cidadanía, de que unha situación climatolóxica adversa poida facer que este edificio con orixes no século XV (sen dúbida, unha das obras de maior valor monumental da cidade), se veña abaixo. Toda unha non desexable (e aínda evitable) catástrofe monumental que na caída dos seus muros e fachadas podería afectar (e mesmo arrastrar) o edificio lindeiro e mais o arco medieval voado que dá acceso á Praza da Pedreira.

O triste estado destes dous edificios desde 2011 foi denunciado reiteradamente nos últimos anos por diversos defensores do Patrimonio, sen que desde o equipo de goberno do concello se concretasen medidas eficaces para a súa defensa e restauración, a pesar do longo tempo xa transcorrido. Marea Pontevedra entende que esta débil actuación por parte das diversas concellarías implicadas pon en evidencia o sonoro fracaso do actual goberno municipal en materia de protección da riqueza monumental da cidade.

Alén de custosas campañas de propaganda e autobombo auspiciadas polo goberno local (e sufragadas polo conxunto da cidadanía) os miles de turistas que visitaron Pontevedra nos últimos cinco anos bateron coa desagradable sorpresa de que unha moi principal rúa da zona histórica presenta un estado deplorable, cos seus edificios de alto valor artístico en estado de abandono (malia que nos seus muros se conserva boa parte da Historia de Galicia, por medio dos escudos nobiliarios inseridos tanto no seu interior coma nas fachadas).

O Grupo Municipal de MAREA PONTEVEDRA formúlalle á concelleira responsable de Urbanismo no actual equipo de goberno as seguintes

Cruz Vermella, 22, baixo. 36002 PONTEVEDRA / mareapontevedra.org
[horario: De luns a venres. De 10,30 a 13,30 e de 17,00 a 20,00 horas]
grupomunicipal@mareapontevedra.org / 986193815 - 671788740



GRUPO MUNICIPAL

PREGUNTAS:

- ¿É consciente o goberno municipal de que cada vez son máis numerosos os veciños que evitan o paso pola rúa César Boente?
- ¿Non lle preocupa que o atractivo da zona monumental se vexa considerablemente minguado polo estado de absoluto abandono dos principais edificios desa rúa?
- ¿Que medidas hai previstas para garantir a seguridade dos transeúntes e veciños ante a chegada dunha nova estación invernal?
- ¿Que informes técnicos se solicitaron, e que actuacións hai xa en marcha para evitar o derrube do Pazo de Mariño de Lobeira e do tamén histórico edificio lindeiro?
- ¿Canto tempo máis será preciso para poñerlle definitivo remedio a isto?

Pontevedra, 14 de decembro de 2015-12-11

O Portavoz do Grupo Municipal de Marea Pontevedra

Luís Rei Núñez